



INFORME SECTORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL
(Artigo 36.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia)

Solicitante: Concello de Carballo

Proxecto: “Mellora da capa de rodadura no vial desde As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)”

Promotor: Concello de Carballo

En relación co seu escrito no que solicita informe sectorial por tratarse de solo clasificado no informe técnico do concello en parte como rústico de especial protección agropecuaria, para levar a cabo o proxecto de “Mellora da capa de rodadura no vial desde As Labradas (Carballo) ao lugar da Ponte (Bértoa)”, no concello de Carballo, comunicámoslle que esta Xefatura Territorial, no ámbito competencial da súa lexislación sectorial, informa favorablemente aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Corresponde ao Concello de Carballo o control da legalidade urbanística do uso por medio da concesión ou denegación de licencia a través do título habilitante municipal.

Todo isto, enténdese sen prexuízo do cumprimento de normas sectoriais e lexislación vixente que sexan de aplicación, así como da obtención dos demais permisos que sexan procedentes e non prexulga posibles dereitos que terceiros interesados puideran alegar.

E para que así conste asino en A Coruña a

A Xefa territorial

